

A historia e as fontes históricas

A historia é o conxunto de feitos que aconteceron no pasado e que merecen ser lembrados.

● O tempo histórico e a súa medida

Cando estudamos a historia, temos que datar os acontecementos no tempo histórico. Nesta datación utilizamos distintas unidades de medida do tempo, dependendo de se os acontecementos son recentes ou están moi afastados no tempo.

- No primeiro caso, utilizamos os minutos, as horas, os días, as semanas, os meses e os anos para referirmos a eles.
- No segundo caso, utilizamos unidades de tempo moito maiores:
 - O lustro, que é un período de cinco anos.
 - A década, que son dez anos.
 - O século, que son cen anos.
 - O milenio, que é un período de mil anos.

Para medir o tempo histórico, o punto de referencia é o nacemento de Cristo, que se considera ano 0. Os primeiros cen anos antes de Cristo corresponden ao século I a. C., e os cen anos posteriores ao nacemento de Cristo, ao século I d. C.



TRABALLO COA IMAXE 1

Observa as imaxes e describe de que tratan. Que diferenzas atopas entre elas? Pertencen todas o mesmo momento da historia? Razona a túa resposta.

En grupo, elaborade unha listaxe de acontecementos históricos do pasado que coñezades e poñedeos en común co resto da clase.

NAIARA

PAULA

● As fontes históricas

As fontes históricas son todos os documentos, cartas, fotografías, mapas ou obxectos que nos dan unha información importante acerca dos feitos do pasado.

As fontes históricas poden ser escritas ou non escritas:

- As **fontes escritas** infórmanos a través de palabras escritas e, por iso, son as máis importantes. Este tipo de fontes pódennos chegar a través de documentos legais (leis, tratados...), prensa (xornais), memorias, diarios e cartas persoais, libros, etc. Cando un historiador utiliza como fonte libros ou traballos que escribiron outros historiadores, falamos de fontes secundarias.
- As **fontes non escritas** son aquelas que non utilizan a palabra escrita ou a usan moi pouco. Este tipo de fontes poden ser:
 - **Fontes gráficas**, se nos proporcionan información a través de pinturas, fotografías, películas, mapas, etc.
 - **Fontes materiais**, se nos ofrecen a información a través de obxectos da vida cotiá, fósiles, edificios, etc.
 - **Fontes orais**, son aquelas nas que a información nos chega a través da palabra falada e non escrita; é dicir, mediante cancións, relatos, refráns, lendas, etc.

COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 A que chamamos fontes históricas? Para que serven?
- 2 Cales son as fontes escritas?
- 3 Nomea tres fontes materiais.
- 4 Opina. Que pasaría se non existisen fontes históricas? Cres que sería posible?

TRABALLO COA IMAXE 2



Identifica cada tipo de fonte histórica que aparece nas fotografías.

A Prehistoria e as súas etapas

A Prehistoria é o período que vai desde a aparición dos primeiros homínidos hai 4,4 millóns de anos, ata a invención da escritura, hai uns 5000 anos.

Dentro da Prehistoria distínguense tres etapas: o Paleolítico, o Neolítico e a Idade dos Metais.

● O Paleolítico

O Paleolítico empezou hai 4,4 millóns de anos, coa aparición dos primeiros homínidos, e rematou hai 12000 anos, co descubrimento da agricultura e a gandería.

Nesta etapa, os seres humanos eran **nómades**; é dicir, trasladábanse dun lugar a outro en busca de alimentos, pois vivían da caza e pesca de animais salvaxes, e da recolección de froitos silvestres.

Os habitantes do Paleolítico vivían ao aire libre ou buscaban refuxio en **covas** naturais para resgardarse do frío e defenderse dos animais salvaxes. Formaban pequenos grupos familiares de 20 ou 30 individuos, chamados **clans**.

Para protexerse do frío, os homes e mulleres paleolíticos cubríanse coas peles dos animais que cazaban.

Hai 1,5 millóns de anos descubriron o **lume**, o que lles permitiu obter luz e calor, asustar os animais salvaxes e cocinar os alimentos.



COMPRENDE, PENSA...

- 1 Que invento separa a Prehistoria da historia propiamente dita?
- 2 Nomea as etapas en que se divide a Prehistoria.
- 3 Explica coas túas palabras as principais características do Paleolítico.
- 4 Por que foi tan importante o descubrimento do lume no Paleolítico?

TRABALLO COA IMAXE 1

Observa a imaxe e fai unha redacción sobre a vida cotiá no Paleolítico.

ÁN XELA



TRABALLO COA IMAXE 2

Observa a imaxe e fai unha redacción sobre a vida cotiá no Neolítico.

● O Neolítico

O Neolítico empezou hai 12000 anos, co inicio da agricultura e a gandería, e rematou hai 6500 anos, co comezo do traballo do metal.

Nesta etapa, os seres humanos pasaron de ser depredadores (buscaban o alimento) a ser produtores: empezaron a cultivar cereais e legumes e domesticaron animais.

Isto fixo que deixasen de desprazarse dun lugar a outro e se fixesen **sedentarios** (vivían nun sitio fixo). Xurdiron así as primeiras **aldeas** e poboados, normalmente situados en alto para defenderse e preto dun río de onde obter auga.

● A Idade dos Metais

A Idade dos Metais comezou hai uns 6500 anos, co descubrimento do uso dos metais, e rematou hai 3000 anos, coa invención da escritura.

Primeiro aprenderon a traballar o **cobre**, co que realizaron, sobre todo, obxectos de adorno. Despois empregaron o **bronce**, que era máis resistente e permitiu facer utensilios domésticos. Finalmente descubriron o **ferro**, co que construíron útiles agrícolas máis resistentes e armas.

Nesta época producíronse inventos decisivos para a humanidade, como a **roda**, o **torno**, a **vela**, o **arado** e a **rega**.

Construíronse os chamados **megalitos** ou **monumentos megalíticos**, con grandes pedras, que tiñan un carácter funerario.

COMPRENDE, PENSA...

- 5 Cando empezou e cando rematou o Neolítico?
- 6 Que quere dicir que os seres humanos se fixeron sedentarios no Neolítico?
- 7 Nomea algúns inventos da Idade dos Metais.

EVA

BRUNO

A Prehistoria na península ibérica (I)

● O Paleolítico

Este período coñécese tamén co nome de **idade da pedra antiga ou tallada**, debido a que, nestes anos, os seres humanos desenvolveron unha técnica para fabricar ferramentas a partir de pedras, chamada **talle**, que consistía en golpear unha pedra contra outra ata afiar os seus cantos.

Os primeiros poboadores da Península e de Europa chegaron procedentes de África hai case un millón de anos. Os restos máis antigos encontráronse na serra de **Atapuerca** (Burgos). Hai uns 30000 anos, estendeuse pola Península o **Homo sapiens**, é dicir, o ser humano actual.

Os habitantes paleolíticos da Península vivían da **caza** e a **recolección**. Eran **nómades** que seguían en pequenos grupos aos animais que cazaban e realizaban as súas armas e ferramentas con **pedras talladas, ósos e paus**.

No Paleolítico apareceron as primeiras manifestacións artísticas da humanidade. Trátase de pinturas realizadas sobre as paredes e os teitos das covas, polo que reciben o nome de **pinturas rupestres**. Case sempre representaban animais do seu ámbito, como bisontes, cabalos, touros ou mamuts, que pintaban cos dedos ou con plumas de aves e usaban varias cores vivas. Pénsase que tiñan un fin máxico (pintar animais antes de cazalos para que a caza tivese éxito). Na Península destacan as pinturas das covas de Altamira (Cantabria), Tito Bustillo (Asturias) e Valltorta (Castelló).



TRABALLO COA MANO

Como se realizaban as ferramentas no Paleolítico?

Así conseguían lume.



Golpeando dúas pedras.



Deslizando un pau sobre unha taboíña.



Xirando un pau sobre unha taboíña.

COMPRENDE, PENSA...

- 1 Que nome recibe a especie do ser humano actual? Onde se encontraron os seus primeiros restos na Península?

Arte rupestre do Paleolítico



Pintura rupestre en Altamira (Cantabria).



Pintura rupestre na Cova de Tito Bustillo (Asturias).

COMPRENDE, PENSA...

- 2 Con que fin se realizaron as pinturas rupestres do Paleolítico? Describe as que aparecen nesta páxina.
- 3 Que diferenzas encontras entre ambas as dúas pinturas?
- 4 Como pensas que obtiñan as cores para pintar?

A Prehistoria na península ibérica (II)

● O Neolítico

O Neolítico chegou á Península e Baleares desde Oriente, polo Mediterráneo, hai máis de 7 000 anos.

Nesta época, os seres humanos empezaron a practicar a **agricultura** e a **gandería**, polo tanto, volvéronse **sedentarios** e empezaron a vivir en pequenos **poboados**, aínda que tamén utilizaron as covas como refuxio durante un tempo. Nelas, encontráronse pinturas rupestres, con figuras humanas que representan escenas de caza, gandeiras e bailes rituais.

As armas e as ferramentas seguiron sendo na súa maioría de pedra, pero agora pulíanas fregando unha contra outra ata conseguir unha superficie lisa e sen rugosidades. Por este motivo, o Neolítico coñécese tamén co nome de **idade da pedra nova** ou **pedra pulida**.

Ademais, empezáronse a usar os primeiros utensilios de **cerámica**, realizados con barro ou arxila, para o transporte e conservación de alimentos. Apareceron tamén os primeiros artesáns, que se dedicaban a fiar tecidos de la ou a fabricar cestas de vimbio.

● A Idade dos Metais

Hai uns 4500 anos chegaron polo Mediterráneo as técnicas para fundir cobre e metais preciosos, que se usaban en obxectos de adorno. Comezaba a **Idade dos Metais**.

En Almería xurdiu a cultura de **Los Millares**, con poboados fortificados en torno a grandes depósitos de **cobre** próximos.

A cultura de **El Argar**, tamén en Almería, relaciónase co traballo do **bronce**, que xorde de mesturar o cobre con estaño.

Deste período, encontráronse numerosos monumentos megalíticos, sobre todo menhires e dolmens.

- Os **menhires** eran enormes pedras cravadas no chan.
- Os **dolmens** estaban formadas por pedras verticais, cubertas por unha ou varias horizontais, todas elas de gran tamaño.



TRABALLO COA MANO

Observa estes instrumentos prehistóricos e relaciónaos co Neolítico ou coa Idade dos Metais e explica por que.



Pinturas rupestres na cova Ribassals, Castelló.



Dolmen de Sorginetxe, en Álava.



Restos do poboado de Los Millares, en Almería.

COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 Copia no teu caderno e completa coas seguintes palabras: *grupos, caza, covas, gañada, metais, millón, nómades, poboados, sedentarios*.
 - Os primeiros poboadores da Península eran, dedicábanse á e á recolección e viviron fai un de anos.

- Estaban organizados en pequenos que se refuxiaban en
- Máis tarde, fixéronse, é dicir, criaban, cultivaban a terra e construíron
 - Hai 4 500 anos iniciouse o uso dos

ÁN XELA

NAIARA

BRUNO

A Prehistoria en Galicia

Os romanos, que foron os que trouxeron a escritura a Galicia, non chegaron ata o século I a. C., polo que a Prehistoria en Galicia foi máis longa que noutras zonas da Península.

Así, a Prehistoria en Galicia pode dividirse en catro períodos: Paleolítico, Neolítico, Etapa do Bronce e Período Castrexo.

● O Paleolítico en Galicia

Os habitantes do Paleolítico en Galicia vivían en grupos **nómades** na costa e nas ribeiras dos ríos. Alimentábanse da caza, da pesca e dos froitos silvestres, e confeccionaban os seus vestidos con peles. Usaban o lume e fabricaban obxectos de pedra.

Un dos lugares onde se atoparon restos desta época foi nas **Gándaras de Budiño**, no Porriño, onde apareceron 700 pezas de pedra utilizadas para crear e preparar os alimentos.

● O Neolítico en Galicia

Os habitantes do Neolítico **descubriron a agricultura**, o que os obrigou a vivir sempre no mesmo sitio para cultivar e coidar os campos. A poboación aumentou e **construíron os primeiros poboados**. Vestían roupas de la e de liño, e descubriron a cerámica.

Nesta época enterraban os seus mortos en enormes monumentos de pedra chamados **dolmens** ou **mámoas**, como o dolmen de **Dombate**, en Borneiro, ou o de **Axeitos**, en Ribeira.

● A Etapa do Bronce

O descubrimento do bronce permitiu fabricar adornos, ferramentas e armas mellores cás anteriores de pedra, óso ou madeira. O achado máis importante destes restos é o **Tesouro de Caldas de Reis**.

Nesta época tamén apareceron figuras xeométricas e de animais gravadas en rochas, coñecidas co nome de **petróglifos**.

Apareceron as primeiras divisións no traballo, pois uns dedicábanse á agricultura, outros á artesanía, outros ao comercio...

COMPRENDE, PENSA...

- 1 Que tipo de restos neolíticos conservamos hoxe?
- 2 Cales son as etapas da Prehistoria en Galicia?
- 3 Explica coas túas propias palabras o significado de petróglifo e de castro.
- 4 Que restos do Paleolítico se atoparon en Galicia?



Espada da Etapa do Bronce.

● O Período Castrexo

Cara ao ano 600 a. C. comezaron a construírse poboados de pedra fortificados, chamados **castros**. Adoitaban erguerse en lugares de doada defensa, ben na costa, como o **castro de Baroña**, en Porto do Son, ben no alto dun monte, como o castro de Troña, en Ponteareas.

Os habitantes dos castros dedicábanse á agricultura, á ganadería e á pesca, e fabricaban obxectos de ferro.



Menhir de Pedra Alta (Ourense).



Machada das Gándaras de Budiño.



Petróglifo de Camporredondo, en Valga (Pontevedra).



Castro de Troña, en Ponteareas (Pontevedra).

COMPRENDE, PENSA...

- 5 Que feito marca a fin da Prehistoria en Galicia?
- 6 Busca en Internet información sobre algún outro resto prehistórico en Galicia e elabora un pequeno traballo de investigación.

BRUNO

PAULA

EVA

ÁN XELA

NAIARA